



## Bolsas de verán para estudiantado do Campus Industrial de Ferrol

### 1. OBXECTO

Esta acción pretende incentivar a incorporación de estudiantado de máster das titulacións do Campus Industrial de Ferrol (CIF) aos programas de doutoramento do mesmo, ou a incorporación do estudiantado matriculado no último curso de grao das titulacións do CIF aos másteres do CIF, involucrándoos nalgúnha liña de investigación que poida dar lugar a algúnhia publicación.

Con este fin convócanse 2 bolsas de verán para a incorporación destes/as estudiantes nalgúnha das liñas de investigación, dirixidas por persoal investigador adscrito ao CIF, durante 2 meses para a realización de tarefas de apoio á investigación do grupo correspondente.

### 2. FINANCIACIÓN

A financiación da presente convocatoria, por un importe máximo de 3.200 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 090044F100 541A 6400016, do orzamento do Campus Industrial para o 2023.

As bolsas rexidas por esta convocatoria consisten en axudas a estudiantado matriculado no último curso de grao ou no máster dalgúnha das titulacións adscritas ao CIF para que se incorporen nalgúnha das liñas de investigación das persoas adscritas ao CIF.

O importe bruto de cada unha das 2 bolsas será de 800-746,21 euros mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarse deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O importe da cota patronal será de 53,79€ que non se reterán con cargo ó importe bruto mensual.

A duración destas bolsas será de dous meses no período comprendido entre o día 01/06/2023 e o 31/07/2023, cunha dedicación de 25 h semanais a acordar co investigador/a responsable, sen que o tempo de dedicación poida exceder de cinco horas diarias.

O horario concertarase co investigador/a titor/a do traballo no laboratorio.

### 3. REQUISITOS

Poderá solicitar estas bolsas aquel estudiantado universitario matriculado no último curso de Grado ou Máster que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes acredite que cumpra academicamente cos seguintes requisitos:

- a) Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Grao ou Máster das titulacións do Campus Industrial de Ferrol.
- b) Estar matriculado/a no curso 2022/2023 en ensinanzas oficiais do CIF da totalidade de asignaturas ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos de Grao ou Máster. No caso de estudiantes de Grao será necesario ter superado o 70% dos créditos necesarios para obter o título de Grao.



- c) Non percibir ningunha axuda económica / bolsa incompatible.
- d) Non realizar ningunha actividade retribuída que supoña a percepción dunha cantidade superior ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional durante o desfrute da bolsa.
- e) Non percibir a prestación por desemprego, que supoña unha contía superior ao 30% do SMI, durante o desfrute da bolsa. A estes efectos poderáselle solicitar á persoa interesada un certificado da Axencia Tributaria, acreditativo do seu nivel de rendas.
- f) Contar co aval dalgúnha persoa investigadora adscrita ao CIF que indique no Anexo I as tarefas a realizar polo mesmo durante a duración da bolsa. O Anexo I debe ir firmado tanto pola persoa solicitante como pola persoa investigadora.

#### 4. SOLICITUDE

A solicitude de bolsa realizarase enviando o Anexo I ao correo electrónico [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal). Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles desde a publicación da convocatoria no Taboleiro electrónico da UDC.

#### 5. SELECCIÓN

Priorizaranse as solicitudes de acordo co el seguinte orde de prelación:

- a) As solicitudes que no sexan para apoiar a investigación nos ámbitos nos que o CIF quere centrar o seu posicionamento pola súa consideración de estratéxicos dentro da planificación actual da entidade quedarán inmediatamente descartadas. Os ámbitos estratéxicos son:
  - A. Robótica industrial.
  - B. Materiais.
  - C. Optimización de procesos industriais.
  - D. Enxeñería naval e offshore.
  - E. Xestión industrial.
  - F. Desenvolvemento de produto.
- b) As solicitudes de bolsas que non contén co aval dunha persoa investigadora adscrita ao CIF serán inmediatamente excluídas.
- c) O expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOGA do 30 de setembro), na data de fin de prazo de solicitude da convocatoria. A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.
- d) Número de créditos restantes para a obtención do correspondente título.



## 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As axudas serán avaliadas, segundo os requisitos plantexados nesta convocatoria, por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol.
- c) Armando José Yañez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade.
- d) Marta Trueba Gayol, técnica de investigación do Campus Industrial de Ferrol.

A Comisión poderá solicitar información adicional á persoa solicitante no caso que o considere necesario.

## 7. RESOLUCIÓN Y NOTIFICACIÓN

Nos 20 días hábiles posteriores á recepción das solicitudes publicarase un listado provisional das persoas admitidas e excluídas no Taboleiro electrónico da UDC e abrirase un prazo de 5 días hábiles que conta a partires do día seguinte ao de publicación para presentar reclamación e/ou adxuntar a documentación requirida, segundo o motivo da exclusión.

Posteriormente publicarase, tamén no Taboleiro electrónico da UDC a resolución coa lista definitiva de persoas adxudicatarias das bolsas e a lista de agarda.

## 8. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito redactado conforme ao modelo Anexo II á dirección de correo electrónico [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal).

No caso de aceptación deberán achegar no mesmo correo electrónico a seguinte documentación:

- Impreso de alta debidamente cuberto ([https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/\\_galeria\\_down/xerencia/servizos/xes tion\\_financeira/R. CIRCULAR\\_1.2010\\_anexo\\_I\\_-castellano.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/xerencia/servizos/xes tion_financeira/R. CIRCULAR_1.2010_anexo_I_-castellano.pdf) 2063069239.pdf)
- Copia do NIF/Pasaporte.
- Xustificante de conta bancaria.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partires da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

A aceptación da bolsa implica a aceptación das condicións de execución, obligacións e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.



## 9. OBRIGACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obligacións das persoas beneficiarias desta axuda:

- a) Despois da tramitación da súa bolsa as persoas beneficiarias poñeranse en contacto coa persoa titora a efectos de establecer horarios, respectando as limitacións desta convocatoria.
- b) A persoa beneficiaria comprometese a realizar as accións formativas e de investigación seguindo as indicacións da persoa titora.
- c) No prazo comprendido nos 10 días seguintes á finalización da bolsa as persoas beneficiarias deben entregar un informe das actividades realizadas a [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal) (Anexo III).

O incumprimento destas obligacións dará lugar á obrigación de devolución do importe da bolsa.

## 10. PAGO

O pago efectuarase con referencia á situación de dereito da persoa beneficiaria por transferencia á súa conta bancaria.

## 11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obligacións establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, se establezan nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

## 6. INCOMPATIBILIDADE E RENUNCIAS

Esta axuda é incompatible con outras axudas segundo o indicado no apartado 3 desta convocatoria.

A persoa que renuncie á bolsa deberá presentar a memoria no prazo de cinco días hábiles seguintes á data da renuncia ao correo electrónico [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal). As baixas que se produzcan nos primeiros 15 días serán substituídas pola primeira persoa na lista de agarda.

O incumprimento deste deber suporá o reintegro das cantidades percibidas.



## 7. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Reglamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consiente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante los prazos establecidos pola lexislación vixente, sen perxuízo do previsto en relación co exercicio do derecho de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Personais.

A persoa interesada consiente no tratamento dos datos para os efectos de cumplir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terádereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercerlos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, calle Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado para o efecto adxuntando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social  
María Jesús Movilla Fernández



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CAMPUS INDUSTRIAL

XUNTA  
DE GALICIA

**Anexo I**  
**Impreso de solicitud da bolsa de verán**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
<b>Nome e apelidos</b>	
<b>NIF</b>	
<b>Correo electrónico</b>	
<b>Teléfono</b>	
<b>Titulación</b>	

DATOS DA PERSOA QUE TUTORIZARÁ O TRABALLO	
<b>Nome e apelidos</b>	
<b>Grupo de investigación</b>	

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA	
DNI solicitante	
Expediente académico solicitante	

BREVE DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN A DESENVOLVER	

	<b>SÍ</b>	Autorizo a publicación dos datos persoais relacionados cona tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece la Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
	<b>NO</b>	

Data e sinatura da persoa solicitante

Data e sinatura da persoa investigadora titora



---

**Anexo II****Aceptación o renuncia de la beca**

<b>DATOS DE LA PERSONA BENEFICIARIA</b>			
<b>Nombre y apellidos</b>		<b>DNI/NIF</b>	
<b>Dirección</b>		<b>Localidad</b>	
<b>Código postal</b>		<b>Provincia</b>	
<b>Fecha de nacimiento</b>		<b>Lugar de nacimiento</b>	

Al aceptar la ayuda, la persona beneficiaria:

- a) Declara que conoce, cumple y acepta las condiciones de la ayuda que se le ha concedido.
- b) Se compromete a cumplir las normas de la convocatoria y desarrollar la actividad que se estimó merecedora de la ayuda, así como a devolver el importe percibido en caso de incumplimiento.

<input type="checkbox"/> Acepto la ayuda en las condiciones señaladas por la convocatoria.
<input type="checkbox"/> Renuncio a la ayuda en las condiciones señaladas por la convocatoria.

Firma de la persona beneficiaria

Fecha



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CAMPUS INDUSTRIAL

XUNTA  
DE GALICIA

**Anexo III**  
**Memoria final**

<b>DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA</b>	
<b>Nome e apelidos</b>	NIF
<b>Grupo de investigación onde realizou o traballo</b>	

**BREVE DESCRIPCIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS DURANTE O PERÍODO DE DISFRUTE DA BOLSA**

**RESULTADOS OBTIDOS**

Sinatura da persona beneficiaria

Data